



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 48 · Martes, 26 febreiro 2019

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

IV. ENTIDADES LOCAIS

Castro Caldelas

Bases reguladoras e convocatoria de subvencións das actuacións de rehabilitación na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Centro Histórico de Castro Caldelas..... 2

IV. ENTIDADES LOCALES

Castro Caldelas

Bases reguladoras y convocatoria de subvenciones de las actuaciones de rehabilitación en el Área de Regeneración y Renovación Urbana del Centro Histórico de Castro Caldelas 17



IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Castro Caldelas

Anuncio

Faise público que o Concello de Castro Caldelas, por Decreto de Alcaldía con data 20 de xaneiro de 2019 aprobou as bases e a convocatoria de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021 para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas do Casco Histórico de Castro Caldelas, cuxo texto é o seguinte:

Bases reguladoras e convocatoria de subvencións das actuacións de rehabilitación na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Centro Histórico de Castro Caldelas

Índice

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito das actuacións a subvencionar
- Artigo 3. Actuacións subvencionables
- Artigo 4. Requisitos xerais
- Artigo 5. Beneficiarios/as das subvencións
- Artigo 6. Obrigas dos/as beneficiarios/as
- Artigo 7. Características das axudas económicas
- Artigo 8. Contía das axudas económicas
- Artigo 9. Orzamento protexible
- Artigo 10. Límites xerais das subvencións
- Artigo 11. Compatibilidade das axudas
- Artigo 12. Normas xerais
- Artigo 13. Criterios para concesión das subvencións
- Artigo 14. Solicitude oficial de axuda e documentación
- Artigo 15. Fases do procedemento
- Artigo 16. Execución das obras
- Artigo 17. Remate das obras
- Artigo 18. Cualificación definitiva e pagamento das axudas
- Artigo 19. Causas de denegación e perda das axudas
- Artigo 20. Reintegros das subvencións
- Artigo 21. Normativa de aplicación
- Artigo 22. Tratamento de datos de carácter persoal.
- Artigo 23. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras
- Artigo 24. Vixencia

Exposición de motivos

I. En desenvolvemento dos acordos da comisión bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Castro Caldelas con data 26 de outubro de 2018 para o financiamento da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Centro Histórico de Castro Caldelas (ARRU de Castro Caldelas) declarada no termo municipal, e dando cumprimento ao compromiso asumido por este concello no acordo cuarto do dito convenio, regúlanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas no ARRU de Castro Caldelas.

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de edificios, as vivendas e as súas instalacións. Con este programa téntase estimular a rehabilitación integral dos ámbitos territoriais delimitados na ARRU de Castro Caldelas, tanto na súa dimensión física como no da súa necesaria revitalización social, económica e cultural.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro da ARRU de Castro Caldelas e que sexan conformes coas condicións e limitacións establecidas normativamente.

IV. Na redacción destas bases tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración Local, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en tanto que normas reguladoras das bases de concesión das subvencións.

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas situadas no ámbito do Área de Rehabilitación Integral /Área de Rexeneración e Renovación Urbana, en adiante ARRU / ARI, do Casco Histórico de Castro Caldelas, con base no Convenio suscrito o 30 de xullo de 2018 entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do Plan Estatal de Vivenda 2018 - 2021, así como ao Acordo da Comisión Bilateral do 26 de outubro de 2018, suscrito entre o Ministerio de Fomento o Instituto Galego de Vivenda e Solo - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, e o Concello de Castro Caldelas, que remata o 31 de decembro do 2021.

Artigo 2.- Ámbito das actuacións a subvencionar

As actuacións que poden optar ás subvencións serán as que se executen dentro do ámbito territorial da Área de Rehabilitación do Centro Histórico de Castro Caldelas, declarada en data 2 de marzo de 2007.

Artigo 3.- Actuacións subvencionables

Con carácter xeneral, serán subvencionables as actuacións recollidas nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, por lo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, que se poden resumir nas seguintes:

- a) Obras de conservación e/ou adecuación estrutural e de seguridade dos edificios.
- b) Obras de mellora da eficiencia enerxética e de sustentabilidade.
- c) Obras de mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade, así como de adecuación das vivendas e dos seus accesos á normativa vixente de accesibilidade.
- d) Outras obras que impliquen adaptar os edificios, as vivendas e as súas instalacións aos novos estándares establecidos pola nova normativa de aplicación.

Poderanse incluír os honorarios dos profesionais, o custe de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados precisos, así como os gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

Non se poderán incluír impostos, taxas ou tributos. A estes efectos, consideraranse como custes derivados da tramitación administrativa aqueles gastos que o solicitante puidera satisfacer a unha empresa ou profesional por levar a cabo a xestión administrativa e documental da súa solicitude e das actuacións recollidas nela; ademais de estar reflectidos tanto nos orzamentos presentados para a cualificación provisional como nas facturas presentadas para a obtención da cualificación definitiva.

Artigo 4. Requisitos xerais

Aos efectos de obter as Axudas previstas nas presentes normas de procedemento, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. As obras proxectadas deberán obter a preceptiva Licenza Municipal de Obras ou, de ser o caso, tramitar a Comunicación Previa oportuna.
2. A edificación ou vivenda, unha vez finalizadas as actuacións, debe ter uso residencial permanente, para uso propio ou aluguer.
3. As obras que se dirixan á actuación sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.
4. Non se poderán subvencionar actuacións nos edificios e vivendas nos que, coa realización das obras, non se obteñan as debidas condicións de seguridade e de habitabilidade das vivendas.
5. Os edificios deberán ter polo menos o 60% da súa superficie útil destinada ao uso de vivenda.

Artigo 5.- Beneficiarios/as das subvencións

1. Poderán ser beneficiarios/as das axudas quenes asuman a responsabilidade da execución da actuación, xa sexan Administracións Públicas, propietarios únicos de edificios, comunidades de propietarios formalmente constituídas, agrupacións de comunidades de propietarios ou consorcios e entes asociativos de xestión.

As persoas e as entes beneficiarios das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

2. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

Artigo 6.- Obrigas dos/as beneficiarios/as

As obrigas dos/as beneficiarios/as serán as seguintes:

1. Realizar algunha das actuacións ás que se refire o artigo 4.
2. Comunicarlle ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Castro Caldelas consideren pertinentes durante a execución da actuación.
4. As demais obrigas recollidas na lexislación vixente de aplicación na presente convocatoria, en especial as contempladas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7. Características das axudas económicas

As axudas económicas previstas terán o carácter de subvención a fondo perdido, poderán dirixirse a calquera das actuacións sinaladas no artigo 3 das presentes bases e financiarán parcialmente as actuacións de rehabilitación nas proporcións e cantidades que se reflectan nos artigos seguintes das presentes bases.

As subvencións concederanse no marco dos acordos asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia (IGVS) e o Concello de Castro Caldelas.



Artigo 8.- Contía das axudas económicas

As subvencións estatais serán ata o 40% do Orzamento Protexible cunha contía máxima dependendo do tipo de actuación:

- Para obras de conservación e accesibilidade (artigo 51 e 43 do Plan Estatal de Vivenda): 9.000 €.
- Para obras de eficiencia enerxética con redución de demanda enerxética (artigo 36 do Plan Estatal de Vivenda): 13.000 € por vivenda.
- No caso de edificios, incrementaranse estas contías con 130 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Estas subvencións estatais poderán acadar o 75% do Orzamento Protexible, coas contías máximas antes indicadas, cando:

- Vivendas de unidades de convivencia residente teña ingresos inferiores a 3 veces o IPREM.
- Vivendas con residentes discapacitados e obras de accesibilidade.
- Vivendas con residentes maiores de 65 anos e obras de accesibilidade.

As subvencións autonómicas serán ata o 10% do Orzamento Protexible cunha contía máxima de 4.000 € por vivenda

Artigo 9.-Orzamento protexible

1. Considerase Orzamento Protexible, das actuacións de rehabilitación subvencionables relacionadas no artigo 4, o custe real das obras determinado pola suma do prezo total do contrato de execución das obras, os honorarios facultativos e de xestión.

Non se inclúe ningún tipo de taxas, impostos e outros ingresos de dereito público e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

2. O custe total das actuacións subvencionables non poderá superar os custes medios de mercado que a tales actuacións correspondan.

Artigo 10. Límites xerais das subvencións

As subvencións previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicable preveña e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.

As subvencións outorgaranse segundo as achegas comprometidas no Acordo de data 26 de outubro de 2018 entre o Ministerio de Fomento, o IGVS da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Castro Caldelas en materia de actuacións na ARRU/ARI existente, que se recollen no cadro seguinte:

PARTIDA	Mº FOMENTO 2018 €	IGVS 2018 €	TOTAL €
CONVENIO MINISTERIO FOMENTO - IGVS ARI CENTRO HISTÓRICO 9ª FASE REHABILITACIÓN	23.452,80	8.547,20	32.000,00

A contía destas axudas poderá ser modificada á alza cando concorran as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 11. Compatibilidade das axudas

1. As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

2. Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Artigo 12. Normas xerais

1. As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada, que se facilitará nas dependencias da Oficina de Rehabilitación, por calquera dos medios establecidos no artigo 16 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no prazo de 12 MESES dende a publicación do anuncio no BOP de Ourense.

2. O procedemento tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. A instrución do procedemento corresponderalle á Oficina de Rehabilitación do Centro Histórico de Castro Caldelas que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.



4. De conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, establécese un procedemento de instrución abreviado, consistente en que a proposta de concesión formalizárase polo órgano instrutor designado, que unicamente procederá a comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para a concesión da subvención, polo que non intervirá ningún órgano encargado de avaliar as solicitudes presentadas.
5. A resolución dos expedientes corresponderá á Xunta de Goberno Local, que é ademais o órgano que ten a competencia para autorizar o correspondente gasto, previa concesión das cualificacións provisionais e definitivas de rehabilitación por parte do órgano competente da Xunta de Galicia. Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

Artigo 13.- Criterios para concesión das subvencións

As axudas outorgaranse, de acordo co criterio de temporalidade, que determinará a preferencia dunha solicitude sobre outras dentro de cada fase, anualidade ou unidade temporal ou orzamentaria de xestión que se fixe nos acordos entre as administracións intervinientes para o financiamento das actuacións de rehabilitación na ARRU. Terán pois preferencia aquelas que presenten a documentación completa esixible segundo as bases con máis antelación no tempo; e, por último, no caso de solicitudes que completaran a documentación ao mesmo tempo, terán preferencia as que temporalmente se presentasen antes no rexistro municipal.

Artigo 14. Solicitude oficial de axuda e documentación

1. As solicitudes de axuda presentaranse en modelo normalizado no Rexistro Xeneral do Concello por calquera dos medios establecidos no artigo 16 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. Documentación relativa ao/á solicitante

- a) No caso de persoas físicas: fotocopia do DNI do/a solicitante e, de ser o caso, do seu representante.
- b) No caso de tratarse dunha comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios constituídas consonte ao disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, ou de persoas xurídicas que sexan propietarias únicas de edificios de vivendas (sociedades e comunidades de bens):
 - Documento acreditativo da súa constitución (Nos edificios nos que conforme a Lei de propiedade horizontal sexa obrigatorio, artigo 13.8 da LPH).
 - Documento acreditativo da representación con que se actúa por parte das persoas físicas no nome da comunidade ou da agrupación.
 - Fotocopia do DNI das persoas físicas que actúen en nome e en representación da comunidade, da agrupación ou persoa xurídica.
 - Documento acreditativo do CIF da comunidade, agrupación ou persoa xurídica.
- c) Declaración responsable de non estar incurso/a nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Declaración responsable do cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

2. Documentación relativa ao inmóbel

- a) Xustificación da titularidade do edificio. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico (contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición da herdanza, testamento e/ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, etcétera) que demostre a adquisición da titularidade do inmóbel. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, cando a lexislación así o permita, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervinientes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.
- b) Ademais, no caso das comunidades de propietarios ou agrupacións, relación de persoas propietarias do edificio, identificando o NIF de cada unha e a referencia catastral de cada vivenda.

3. Documentación relativa ás obras a executar.

- a) Declaración responsable de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables ao amparo desta convocatoria na que conste o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.
- b) Proxecto técnico que defina as obras, documento técnico baixo o nome de memoria valorada, proxecto básico ou outro similar incluíndo en todo caso orzamento detallado e desagregado que recolla as obras a subvencionar de xeito suficiente para que os servizos técnicos municipais poidan emitir unha proposta.
- c) Licenza urbanística concedida e expedida, ou actuación comunicada declarada eficaz, segundo o suposto que proceda. Para os efectos de presentarse á presente convocatoria, bastará tamén acreditar a súa solicitude, sempre e cando, antes do trámite de cualificación definitiva se achegue esta ao expediente.
- d) Certificación expedida polo órgano competente da comunidade ou da persoa xurídica do acordo da comunidade de propietarios ou do órgano que estatutariamente teña atribuída a competencia para adoptalo no caso das figuras societarias ou comunitarias, que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención.



A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das presentes bases e obrigas establecidas normativamente, así como a autorización para acadar os datos en poder da administración pública municipal que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se atopan ao día nas súas obrigas fiscais no Concello).

Artigo 15. Fases do procedemento

1. Achegada a solicitude coa documentación complementaria e unha vez efectuada a súa verificación documental, emitiranse os informes oportunos polo servizo instrutor e, posteriormente, procederase á resolución da convocatoria seleccionando, segundo os criterios expostos nestas bases, as solicitudes que terán dereito a ser propostas ante o IGVS para obter a súa cualificación provisional.
2. No momento de elevar o expediente ao órgano competente para a súa aprobación, se as obras, visitadas e supervisadas con anterioridade polos técnicos do servizo, estivesen cualificadas definitivamente, acordarase só a aprobación definitiva das axudas, sen prexuízo de demorar o recoñecemento do dereito ao aboamento da subvención ate o exercicio orzamentario ao que se teña adscrita a actuación.

Artigo 16. Execución das obras

1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da cualificación provisional da subvención por parte do IGVS.

Poderá obterse unha prórroga pola metade do prazo inicial, despois de solicitude xustificada.

Transcorrido este período sen que comezasen as obras poderase proceder á retirada da subvención inicialmente outorgada, previo expediente con trámite de audiencia ao interesado/a.

2. O / a solicitante promotor / a das obras comunicarlle formalmente ao Concello a data de comezo das obras.

E deberá colocar no exterior da edificación o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño que se estableza no manual de imaxe corporativa do Plan Vivenda 2018 - 2021, que deberá permanecer hasta o cobro total das axudas solicitadas.

3. O prazo de execución para realizar as obras virá determinado na cualificación provisional. O incumprimento deste prazo poderá determinar a perda da subvención solicitada.

4. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a cualificación provisional e a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas polo IGVS, previo informe favorable do Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación e que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística ou actuación comunicada declarada eficaz.

6. O Departamento de Urbanismo - Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo caso, supervisar de oficio as obras, incluso coa participación dos técnicos do IGVS, con obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Artigo 17. Remate das obras

- a) A xustificación do remate das obras e do seu custe deberá presentarse no prazo de dez (10) días dende o remate destas. A efectiva execución das actuacións, e o seu custe, terá que acreditarse mediante a presentación da conta xustificativa e, orixinal ou fotocopia compulsada, das facturas correspondentes emitidas pola empresa contratada para a execución das obras, coa firma do técnico competente se a natureza dos traballos así o esixe e os xustificantes de pago destas.
- b) As facturas reunirán en todo caso os requisitos establecidos no vixente Regulamento de facturación.
- c) Os pagamentos deberán de acreditarse a través de resgardo de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento bancario nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Non se admitirá ningún tipo de pagamento en efectivo.

Artigo 18. Cualificación definitiva e pagamento das axudas

A proposta de cualificación definitiva, elaborada pola Oficina de Rehabilitación e aprobada pola Xunta de Goberno Municipal será remitida ao IGVS para a súa cualificación definitiva.

Nas obras que precisen licenza de primeira ocupación, a solicitude desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

O pago realizarase unha vez que o IGVS conceda a cualificación definitiva e emita a resolución de abono da subvención.

A contía da subvención será a que resulte de aplicar o disposto no artigo 8 ao custe final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Con carácter previo ao pago da subvención, o/a beneficiario/a deberá presentar certificados de que se atopa ao corrente dos pagos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

O/a beneficiario/a deberá presentar tamén certificado de titularidade da conta bancaria que designe para o pago da subvención.

Artigo 19. Causas de denegación e perda das axudas

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas aos solicitantes ou aos inmóbeis.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto ou documento análogo presentado e que non estean autorizadas polo IGVS nin amparadas por licenza urbanística outorgada e expedida ou comunicación anterior eficaz.



- c) A grave incorrección técnico-constructiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación.
- d) A comisión de infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras subvencionadas.
- e) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade respecto do estado anterior do inmóbel.
- f) O inicio das obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.
- g) O incumprimento dos prazos sinalados na cualificación provisional ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- h) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras aos técnicos da Oficina de Rehabilitación ou do IGVS por parte do promotor ou do contratista.

Artigo 20. Reintegro das subvencións

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establece nos artigos 32 e ss. da Lei de Galicia 9/2007.
2. A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmóbeis obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de catro anos desde o outorgamento definitivo da subvención, determinará a obriga de devolver o seu importe cos xuros que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.

Artigo 21. Normativa de aplicación

A concesión destas axudas rexerá pola Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Ademais, e en todo o non descrito nas presentes bases, seranlle de aplicación as seguintes disposicións:

Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.

Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

Acordo de Comisión Bilateral asinado entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia - Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Castro Caldelas, con data de 26 de outubro de 2018, para o financiamento da ARI do Casco Histórico de Castro Caldelas.

Artigo 22. Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Castro Caldelas, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

De conformidade co disposto polo artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

Artigo 23.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e, xunto cos seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Oficina de Rehabilitación do Centro Histórico de Castro Caldelas.

Artigo 24.- Vixencia

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e terán vixencia ata o 31 de decembro de 2021, data na que remata o Plan Estatal 2018 - 2021, de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan Estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nas presentes bases.

Publicase isto comunicándose que o presente acordo, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente un recurso de reposición diante da alcaldesa no prazo de 1 mes a computar a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense no prazo de 2 meses a contar a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio ou da recepción da notificación da resolución do recurso administrativo de reposición -no caso de que se interpoña -, se é expresa, ou 6 meses a partir do seguinte a aquel no que se produza o acto presunto. Si se interpón recurso de reposición en vía administrativa non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente aquel ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso. Poderán interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.

Castro Caldelas, 20 de febreiro de 2019. A alcaldesa.

Asdo.: Sara Inés Vega Núñez.



**PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021 - PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS E EDIFICIOS
NAS ÁREAS DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO CONCELLO DE CASTRO CALDELAS**

DATOS DO SOLICITANTE

PROMOTOR		CIF/DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

NA SÚA REPRESENTACIÓN:

APELIDOS	NOME	CIF/DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

Que en calidade de _____ do _____ sito/os na:
(propietario, representante da CCPP, etc...) (edificio / s)
na rúa _____ n.º _____ Ref.
catastral _____

dentro da ARRU CASCO HISTÓRICO DE CASTRO CALDELAS

Desexa participar na convocatoria do programa arriba indicado para actuacións de rehabilitación en dito edificio, ao amparo do establecido na convocatoria de axudas correspondente . Polo que,
SOLICÍTASE:

Que se tramite a axuda e lle sexan expedidas as correspondentes cualificacións provisionais e definitiva e se abone a subvención que se solicita..

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Decreto de Alcaldía do Concello de Castro Caldelas que aproba as Bases Municipais das subvencións para a ARRU do Concello.
- Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.
- Resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Acordo de Comisión Bilateral asinado entre o Ministerio de Fomento, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia - Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Castro Caldelas, con data de 26 de outubro de 2018, para o financiamento da ARI do Casco Histórico de Castro Caldelas.

Sinatura do Solicitante

_____, ____ de _____ de 201

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente norma, así como a autorización para acadar os datos en poder das administración públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais no Concello).

1.- DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO SOLICITANTE

DNI / NIF do solicitante e, de ser o caso, do seu representante, no caso das persoas físicas.

Cando se trate dunha Comunidade de Propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios constituídas ambas consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960 ou de persoas xurídicas que sexan propietarios únicos de edificios de vivendas (sociedades e comunidades de bens):

o Documento acreditativo da súa constitución (Nos edificios nos que conforme a Lei de propiedade horizontal sexa obrigatorio, artigo 13.8 da LPH).

o Documento acreditativo da representación con que se actúa por parte das persoas físicas no nome da comunidade ou agrupación

o Fotocopia dos DNI/s das persoas físicas que actúen no nome e en representación da comunidade, da agrupación ou persoa xurídica

o Documento acreditativo do CIF da comunidade, agrupación ou persoa xurídica.

Declaración responsable de non estar incluído nos supostos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. (ANEXO I)

Declaración responsable de cumprimento das obrigas sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións. (ANEXO II)

2.- DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO INMOBLE:

Xustificación da titularidade do edificio.

No caso das comunidades de propietarios ou agrupacións, relación de persoas propietarias do edificio, identificando NIF de cada unha e referencia catastral de cada vivenda. (ANEXO III)

Informe de avaliación do edificio (IAE), nos edificios de tipoloxía residencia colectiva incluídos no ámbito de acordo cos requisitos esixidos polo título I da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

3.- DOCUMENTACIÓN RELATIVA AS OBRAS:

Declaración responsable de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta ordenanza; o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención. (ANEXO IV)

Proxecto técnico que defina as obras, documento técnico baixo o nome de memoria valorada, proxecto básico ou outro similar, ou orzamento detallado e desagregado que recolla a definición das obras a subvencionar de xeito suficiente para que os servizos técnicos municipais poidan emitir unha proposta favorable sobre elas por axustárense á normativa urbanística de aplicación e ás normas reguladoras da presente subvención.

Licenza urbanística de obra concedida e expedida ou actuación comunicada declarada eficaz, segundo o suposto que proceda. Para os efectos de presentarse á presente convocatoria, bastará tamén acreditar a súa solicitude, sempre e cando, antes do abono da axuda se achegue esta ao expediente (de conformidade co artigo 30.3 do RD 233/2013, do 5 de abril).

